



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE
INFRAESTRUTURAS E O CONCELLO DA CAÑIZA PARA A URBANIZACIÓN DA
RÚA VILANOVA (PO-406), ENTRE OS PK 0+000 E 0+170, NA CAÑIZA**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director da Axencia Galega de Infraestruturas, **DECLARA:**

Que a Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) ten previsto formalizar co Concello da Cañiza o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura ata o 31.12.2017.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as bases da colaboración técnica e económica entre a Xunta de Galicia e o Concello da Cañiza que permitan realizar a obra de urbanización da rúa Vilanova (PO-406) entre os pk 0+000 e 0+170.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

A estrada PO-406 A Cañiza – Filgueira (PO-801), pertencente á rede primaria complementaria da Xunta de Galicia, discorre polo Concello da Cañiza entre os pk 0+000 e 3+480. No treito urbano da estrada, entre os pk 0+000 e 0+170 presenta certas deficiencias que precisan ser reparadas.

A Axencia Galega de Infraestruturas ten entre os seus obxectivos a mellora da rede viaria de Galicia, a ordenación do territorio e a súa cohesión, de xeito que se proporcione ás persoas usuarias unha rede eficaz, cómoda e segura, fomentando as





relacións municipais e intermunicipais na procura e no fomento dun desenvolvemento harmónico.

O Plan de Mobilidade e Ordenación Viaria Estratéxica, plan MOVE, contempla entre as súas liñas básicas a mellora das condicións de accesibilidade e da mobilidade das persoas.

A Axencia Galega de Infraestruturas, en colaboración co Concello da Cañiza, trata de fomentar aqueles investimentos que resolvan problemas nas infraestruturas, coa finalidade dun desenvolvemento económico e social que aporte unha maior calidade de vida á cidadanía.

Mediante a reordenación da sección transversal, eliminando o aparcadoiro nunha das dúas marxes para incrementar o ancho das beirarrúas, a renovación do saneamento e execución da rede separativa, a renovación da rede de abastecemento e alumeadado, e a renovación do pavimento das beirarrúas e da estrada acadaríase unha mellora da calidade do vial, formulando unha solución de futuro.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela, a seis de xuño de 2016.

